

### **NORMAS SERVIZO DE COMEDOR E MADRUGA 2020/2021:**

- As persoas encargadas de entregar e recoller aos menores nos servizos de comedor e madruga irán coas máscaras de protección.
- En ningún caso poderase entrar nas instalacións do centro, sendo o lugar de entrega e recollida na cancela exterior do centro (anexamos portas de recollida e entrega por centros).
- **Horarios de entrega de madruga:** sen cambios con respecto ao ano pasado.
- **Horarios de recollida do servizo de comedor:** para os centros con inicio do servizo ás 14.00 H a recollida será dende as 15:30h ás 16:30 horas de xeito continuado. Para os centros con inicio ás 14:30 H a recollida será dende as 16h ás 16:30 h ou 17:00 de xeito continuado, dependendo da hora de finalización do servizo. Mentres estean vixentes as medidas COVID, non se contemplan horarios excepcionais de recollida.
- Os pais ou titores comprométense a facilitar na ficha de inscrición un teléfono de contacto que estea operativo, en caso de que sexa necesario comunicarse cos responsables de xeito urxente. En caso de que non se logre contactar coa persoa responsable, o persoal de comedor resérvase o dereito de avisar ás autoridades pertinentes.
- Non se fará o cepillado de dentes despois das comidas, seguindo as indicacións das institucións sanitarias competentes.
- Non se levará a cabo o proxecto educativo. Os usuarios esperarán despois da comida a ser recollidos polas persoas autorizadas á maior brevidade posible dentro do horario establecido.

- Os usuarios de 6 ou mais anos levarán a máscara de protección en todo momento a excepción do tempo onde están inxerindo alimento ou bebida. O tempo de espera entre pratos tamén deben agardalo con ela posta. Este punto non se aplica a aquelas persoas que están exentas mediante certificado médico do uso de máscara de protección.
  
- En caso de que algún usuario non cumpra coas medidas COVID establecidas nos servizos de comedor e madrugada dun xeito reiterado, a FANPA resérvase o dereito de expulsión do servizo.
  
- Os servizos de madrugada e comedor seguirán as normas establecidas pola Xunta de Galicia no Protocolo de prevención da transmisión da COVID-19 nos comedores dos centros educativos non universitarios. E cumprirá tamén o protocolo estipulado pola FANPA.